

LLINGUAS *de poucos falantes* na **EUROPA OCCIDENTAL**

↓ Enrique de Miguel & Benxamín Méndez

Queremos recoyer aquí dalgúas ideas sobre úas poucas llinguas que se falan nel noso ámbito xeopolítico, el da Europa occidental, de xeito que pódamos fer comparanzas cua fala del Navia-Eo ou col asturiano, dos qu'aquí nun falamos. Escóyéronse pra eso llinguas que falan menos d'un millón de personas, según datos da bibliografía que se recoye al último del artículo.

Además del número de falantes, atendéronse aspectos como el reconocimiento social y político das llinguas, el sou uso formal ou informal, el sou sito na escola, as edades medias dos falantes, a súa evolución hestórica, a situación socio-económica, ou a relación coas fronteiras administrativas y a situación política, aspectos todos que poden allumarnos sobre el porvir de cadúa d'ellas.

Saber cómo van as cousas nel noso entorno podera valirnos, a nosoutros y a os que llían esto, pra poñernos nel camín de pensar, falar y actuar con dalgún coñecemento más.

El *frisio*, un exemplo chamadeiro y ben retorcido

Pra que véxamos complicacións inda más grandes qu'as da nosa fala, empezamos por un exemplo en Frisia —a terra das vacas *frisonas*—, entre os Países Baxos, Alemania y Dinamarca. Nos Países Baxos —qu'a miudo chamamos Holanda— hai un bon número de falantes y ta reconocida llegalmente, circunstancias qu'axudan a que se poda manter. En Alemania falan frisio al este dos Países Baxos, na rexón de Saterland, úas 2.000 personas en tres localidades y namás na casa. Fálano

tamén nel noroeste, zona d'unde coyemos este exemplo:

«Úa llabradora da Frisia da alemania noroccidental fala col sou home y cos sous fiyos en frisio. Escribe a llista da compra en alto alemán, que nun é el alemán qu'aprendéu na escola (nella estudióu el baxo alemán). Na panadeiría fala en alto alemán col panadeiro, que veu del nordés d'Alemania despós de cayer el Muro y da reunificación. Na carnicería fala frisio col carnicero, col que foi á escola; pero coa muyer del carnicero, orixinaria de Munich, fala en alto alemán.

A llabradora frisía vei de noite a clases de frisio pra miyorar y allí encóntrase coa carnicera, que quer aprender el frisio. Entoncias falan entre ellas en frisio, ou a lo menos tentan de fello. Y, mañá, volta a empezar.»

Os que falan frisio nel noroeste d'Alemania tán estragayaos núa zona unde a xente muitas veces é trillingüe, aparexándose allí alto alemán (llingua estándar en Alemania), baxo alemán (el alemán que se fala nel norte), frisio, danés y xuto. Nestas terras, falar frisio parece que ta restrinxido al pueblo unde vive el falante y a os pueblos da redonda; más alló nun lo poden usar porque nun s'entenden ben con outras varia-





Lletreiros bilingües inglés/gaélico irlandés núa carretera d'Irlanda

cióis da mesma llingua frisio ou porque falan outras das llinguas que dixemos. Asina que, a miúdo, falan baxo alemán, que fai de *lingua franca*, y, cada vez máis, alto alemán, que ten máis prestixio. Nestos poblos el frisio sólo se fala, pos os falantes nun escriben nél. Por outro llao, se tán falando frisio cambían a baxo alemán condo el tema pasa d'informal a máis técnico ou elevao.

Nun país como Alemania, con moitas variedades llingüísticas, el feito de ser minoría é úa búa desventaxa. Y anque se propuxo meter el frisio na televisión, hasta agora foi un fracaso porque os medios privaos pensan máis nos cuartos y nel número dos televidentes qu'en manter úa llingua patrimonial.

A complicada supervivencia das llinguas de poucos falantes

Os medios de comunicación ayíos son úa ameaza pras llinguas minoritarias, pero ese nun é el único problema. Os falantes d'esas llinguas tein que falar cuase sempre outra que yes vala pra entenderse con moita máis xente. As migracióis, el envejecemento da poboación, a cultura dominante, a situación económica y xeográfica, el tar as llinguas minoritarias asociadas cos xeitos de vida tradicional, etc., van féndoyes perder valía como camiós pra entenderse.


El caso é qu'esas llinguas de poucos falantes tán chamadas a tresformarse y a amestarse —cousa que tamén yes pasa ás llinguas «universales» ou hasta a morrer. Morréu, por exemplo, el *cornuallés*, en Cornualles, nel suroeste d'Inglaterra, nos primeiros anos del siglo XX. Pero é chamadeiro qu'haxa agora un peteiro de xente, us 5.000, que volven falar cornuallés —aproveitando que quedaron d'entonces dalgúas grabacióis en vinilo—, nun xeito de «resurrección».

A casuística é abonda. Entre as llinguas hibridadas ou mui amestadas con outras pódese apuntar primeiro el *occitano*, al que se ye dá un millón de falantes y cuase a mitá sur de Francia, pero é máis ben un *patois*, mezcolanza de francés y occitano. En proceso de mezcra tamén tán as llinguas del grupo *retorro-*

mano (*romanche* en Suiza y *ladino* y *friulano* en Italia), conxunto de llinguas que foron a menos pol empuxe del francés, el alemán ou el italiano, cos que se foron amestando según el sito. El *sardo* tamén ta en Cerdeña (Italia) núa situación aparecida.

Por outro llao, parte das llinguas de poucos falantes son d'uso máis ben familiar ou informal. Así ye pasa al *romanche* en Suiza, ou al *sardo* en Italia, que convive col italiano como llingua oficial y, anque conserva moitos falantes, apenas ten trabayos lliterarios.

Tamén a presión d'outras llinguas vese reforzada moitas veces por razóns hestóricas. Por exemplo, el *lapón* ten os falantes repartidos entre Noruega, Suecia, Finlandia y Rusia, y cuase todos, además del lapón, usan a llingua oficial del país del que son. Outro caso é el del *bretón*, al qu'el centralismo del estaio francés perxudicóu, así como el apoyo bretón a os nazis durante a ocupación alemana na 2ª Guerra Mundial. El *maltés*, d'orixe árabe, ta mui influido pollas llinguas europeas circundantes además de pol inglés, llingua coa que comparte a oficialidá. Nel caso del noruego, non sólo influíu el feito da dependencia hestórica de Suecia y despós de Dinamarca, senón tamén el qu'haxa dous noruegos: a primeiros del XX repartíanse os falantes al 50% pero despós el noruego falao na capital foi estendéndose y aumentando en número de falantes a costa del outro.



Revista de L'Institut d'Estudis Occitans

Población y economía. ¿Axudan ou amolan as llinguas de poucos falantes?

Hestoria, población y economía amécense pra influir nas llinguas. Però úas veces eso é bon pra ellas y outras non. Por exemplo, el *vendo* –tamén chamao *sorbio* ou *lusacio*– aguantóu ben mentres duróu a República Democrática Alemana, pero condo esta s'integróu nel Alemania Federal rompéuse el equilibrio: os más novos tiveron qu'emigrar en busca de trabayo, y eso pode ser el empezo dos problemas. Dificultades aparecidas ás que ten el lapón, coa población envejecida y muita emigración. Podera dicirse qu'a marxinalidá y a dependencia económica fainye mal á xente y tamén á súa llingua.

Pol sou llao, el *gaélico escocés*, llevao a Escocia dende Irlanda entre os siglos VI y X, entróu nel siglo XX con búa salú, aunque nun tía reconocemento llegal nin taba nas escolas. Despós, a emigración, as dúas guerras mundiales y a medría económica del sur d'Escocia foron féndoye perder forza. Pior ye foi inda al *gaélico irlandés*, falao hoi por mui pouca xente, bilingüe y col inglés como llingua dominante, llabradora, estragayada y estremada nel sur y nel oeste del isllía, aunque mui orgullosa da súa llingua.


Pol contrario, nel caso del *feroés*, a miyora da situación económica nas isllias Feroe asegura el mantemento da población, feito que, xunto al favor das autoridades tanto danesas como locales, asegúraye el porvir á llingua d'allí. Y eso qu'é llingua oficial d'emparzao col danés y qu'el inglés é a llingua pras relacións internacionais.

Tamén el *luxemburgués* se ve empuxao pola búa situación económica, cua mocedá integrada y el relevo xeneracional asegura. Nun poden con él nin el parecido col alemán nin a vecindá del francés, llinguas as dúas qu'usa a xente d'un país tan pequeno y ben comunicaou como Luxemburgo, dende el qu'os mozos salen pra pasar os fines de semana en Francia ou Alemania.

A llingüística, un factor destacado pral sou futuro

As particularidades llingüísticas, deixando aparte aquí a súa gran valía patrimonial, xogan úas veces a favor y outras escontra das llinguas de poucos falantes. Pra mostra da valía patrimonial abástanos el exemplo del *islandés*, resultao d'úa migración mui veyada dende Noruega, pero qu'evolucionóu tan pouco qu'os falantes d'islandés poden ller con pouca dificultá as antigüas odas y sagas vikingas, cousa que xa nun poden fer tan ben outros escandinavos.

Condo as llinguas s'asomeñan muito a outras vecías más fortes corren el peligro d'amestarse, como xa vimos. Condo son «raras» tein a miudo difícil nun desaparecer se nun é con axuda política ou voluntá social de conservallas. Porque ta malo d'aprender a



Anuncio de clases nocturnas de bretón

escribir núa llingua d'uso informal, familiar ou de vecindá, aunque sí a llingua materna, se nun ta na escola, nos medios de comunicación, na administración...

Úas veces el peligro vén porque tein pouca tradición escrita al ser namás llinguas faladas, unde nun yes fía falta escribir. El feroés empezóu a escribirse al empezo del siglo XX. Pral gaélico irlandés nun acaban de chegar a un acordo sobre a súa arrevesada ortografía, aunque é llingua obrigatoria nas escolas dende 1922 (a dificultá da llingua irlandesa y a presión ambiental evidente del inglés, qu'é a llingua más útil dende el punto de vista comunicativo, provocan un rechazo dos novos a aprender irlandés).

Otras veces el problema vén porque el xeito d'escribillas sepáralas d'outras llinguas del sou grupo. Así yes pasa al maltés y al lapón de Rusia. El maltés é de reiz árabe, pero escríbese con alfabeto llatín –imposto polos cruzaos cristianos al tempo qu'a relixón–, y esa manera d'escribir foi féndoye separarse del árabe.

Al lapón de Rusia faiye parecer llingua diferente dos outros dialectos del lapón el feito de que s'escriba con alfabeto cirílico, como el ruso. El lapón ten muita variedá dialectal, cousa que pasa tamén col *vendo* –separao polas influencias dos estándares llingüísticos del polaco y del checo–, col vasco –con dialectos mui diferentes entre ellos y úa forma estándar



Lletreiro bilingüe en galés y inglés

ou *batúa*— ou col bretón. A diversidade interna da lingua dominante tampouco é bon ambiente pras linguas minoritarias, como pasa en Italia, onde el ladino ou el friulano nun son «raros» pos conviven cos moitos dialectos que ten el italiano; además, en Italia tampouco hai gran interese en potenciallos, pos el país ten úa unidá nacional inda nova.

Ben diferente é lo que pasa col *galés*: fálalo ún de cada catro habitantes de Gales —foi lingua única hasta el siglo XVI— pero é el única lingua céltica que se recupera, seguramente gracias a un bon plantiamento llingüístico na ensinanza, que facilita el bilingüismo y axuda a qu'os rapacíos distinguan ben el galés del inglés.

Fronteiras y linguas, úa parexa ruía de xebrar

Os casos apuntaos nel epígrafe d'antes tein en común, nun sendo el maltés, que son linguas dentro d'estaos con outra lingua máis forte. Pero dentro de cuase todos os estaos nun hai miga d'homoxenidá llingüística. Condo viaxamos col ouguido atento, nun é difícil darse conta de qu'úa lingua ve cambiando pouco a pouco pr'haía outra lingua vecía, fendo cuase imposible marcarye un empezo y un acabo.

Agora ben, se el paisaxe ve cambiando pouquín a pouco, sin qu'haxa fronteiras naturais que coincidan coas administrativas, poucas veces pasa lo mesmo coa lingua, porque a idiosincrasia y a hestoria van amañando fronteiras y a lingua ten que verse afectada.

Nun é nada raro qu'a diferenza entre linguas súa el resultado de tar baxo diferentes administracións. Así pasou en Suiza, onde as fronteiras dos cantóns acabaron diferenciando as linguas que se falan allí. Outro caso claro é el del luxemburgués, que convive na ilegalidá col francés y seguramente considerao lingua porque é propia d'un estao, pos hai quen dice

qu' é un dialecto del alemán y así lo ven os falantes d'alemán vecíos.

As isllias y as comunidades que tán xeográficamente lonxe das demás, esto é, coas fronteiras naturais claras, poderan asentar miyor as diferencias entre linguas. Pero non sempre esto é verdá del todo: pasa, por exemplo, col islandés, el feroés ou el bretón, mas non col maltés. A hestoria por un llaio y a política pol outro, fixeron moito.


As decisións políticas tein moito que ver col futuro das linguas

Os estaos y as rexións con capacidá de decisión vense con mando abondo como pra fixar a política llingüística nel sou territorio. Nas terras da Unión Europea veinse producindo feitos nel camín de respetar y axudar máis ás linguas de poucos falantes ou «minoritarias».

Pode decirse qu'agora xa nun se dan as *situacións* agresivas pra con esas linguas como as qu'había nel primeiro tercio del siglo XX na Europa occidental —por poñer un caso, a Dictadura de Primo de Rivera pra col catalán—; más ben poderíase falar d'axudas de «discriminación positiva» nel sentido

contrario —nel caso de catalán y castellano, por seguir col mesmo exemplo, ou nel caso del menor recoñecemento del occitano (*aranés*) en Cataluña—.

Así y todo, encontramos nel noso ámbito europeo posturas políticas abondo diferenciadas. Dende el interese contrario dos gobernos franceses hasta el empuxe a toda costa dos gobernos autonómicos vascos. Nel caso francés —tanto deu coa monarquía, como col imperio ou coa república— víronse marcaos negativamente el bretón y el occitano, aunque neste último caso tampouco hai moita presión social a favor. El bretón, con abondos falantes —al ser lingua céltica resiste ben a mezcla col francés, lingua llatina—, nin ten estatuto legal nin s'enseña nas escolas. Nel caso vasco, téntase fer da lingua local a lingua normal na vida pública, querendo darye a volta al



A reglamentación legal del uso del euskera ta mui avanzada

proceso de minorización del vasco por causa del empuxe del castellano.

Entre os estremos, pódense nombrar llinguas de poucos falantes con oficialidá única –islandés– ou reconecemento compartido –feroés, irlandés, escocés, galés, romanche, maltés, frisio–, xunto con casos d'indiferencia –retorromano ou sardo, en Italia–, y casos d'apoyo claro. Estre estos hai que falar del vendó, y más inda del lapón, que, a pesar del centralismo sueco, goza d'úa gran autonomía y reconecemento, y hasta se reforzó coa creación d'escolas itinerantes y programas prá medría social y económica dos lapóis.

El que quiran os falantes feirá muito

Dende hai us anos, na Unión Europea pode parecer qu'as rexóis y nacionalidades tentan de saltar polo pico dos estaos pra enxertarse asina nun marco común superior. Taríamos indo d'ese xeito pr'había úa Europa das rexóis frente a Europa dos estaos modernos como los conocemos hoi.

Nese marco vén a coincidir qu'os falantes de llinguas minoritarias queren ás veces diferenciarse. Presumen cos vecíos del estao –y muitas veces poden fello con razóns–, de ter úa llingua propia; pero nun poden fer el mesmo fora das fronteiras estatales, undé as falas de poucos falantes nun son conocidas.

En dalgús casos, aquelas tresformacións con pérdida de poder pollos estaos actuales y el empuxe de rexóis y nacionalidades provocan úa desconfianza irracional, y ás veces as llinguas tán nel medio dos problemas –muitas veces sin querello os falantes–, confundíndose defensa da llingua propia con movementos políticos qu'asustan a dalgús que ven a pérdida de presencia llingüística da súa comunidá como úa pérdida de presencia política.


Y é qu'a lluita pol reconecemento social das llinguas pequenas ten muitas veces un compoñente romántico, d'apego a dalgo propio y diferente, lo que vén a ser un aspecto lexitimo da personalidá das comunidades sociales. Ese compoñente romántico ta ben claro nel caso dos falantes de bretón. Tamén nel dos que falan gaélico, tanto irlandés como escocés, ou nel del galés. Estos tres últimos casos son bus exemplos nel ámbito d'úa llingua tan potente como el inglés, qu'irlandeses, escoceses y galeses tein necesidá de falar.

El balance xeneral danos llinguas minoritarias cuase desaparecidas –el occitano–, xunto con outras que nun son quén a recuperarse –lapón, irlandés, retorromano– y outras qu'aguantan ben y hasta

Llingua	Orixe y grupo	Fálanlo ¹	Fálase en
frisio	xermano occidental	360.000	P. Baxos, Alemania, Dinamarca ²
luxemburgués	xermano occidental	350.000	Luxemburgo
lapón	xermano fino-húngaro	57.000	Noruega, Suecia, Finlandia, Rusia ³
feroés	xermano escandinavo	45.000	Dinamarca
islandés	xermano escandinavo	260.000	Islandia
friulano	llatino	400.000	Italia
ladino	llatino	25.000	Italia
occitano	llatino	1.015.000	Francia, España, Italia ⁴
romanche	llatino	50.000	Suiza
sardo	llatino	500.000	Italia
vendó	eslavo occidental	100.000	Alemania
vasco	discutido	500.000	España
irlandés	celta goidélico	30.000	Irlanda
bretón	celta bretón	300.000	Francia
gaélico escocés	celta bretón	50.000	Reino Unido
galés	celta bretón	500.000	Reino Unido
maltés	árabe	320.000	Malta ⁵

1. Datos de LUNDEN (1993).
2. 10.000 en Alemania y dalgús localidades de Dinamarca.
3. 20.000 en Noruega, 10.000 en Suecia, 2.500 en Finlandia y 2.000 en Rusia.
4. 10.000 en Italia, 5.000 nel Valle d'Arán (España), 80% da población.
5. 80% da población.

medran –feroés, vasco, galés–. Aunque sépamos qu'as llinguas nacen y morren, todas merecen atención y respeto, y el sou estudio terá sempre interés. Però el interés más grande debera ser el dos mesmos falantes.

Pr'acabar y ilustrar el que dixemos, ta ben recordar el caso dos islandeses. El sentimento nacional ten reflexo na súa llingua pero deriva del aislamiento del isllia. Nel islandés nun hai palabras novas coyidas de llinguas internacionales ou clásicas, pos recházanlas y buscan sempre formacións de vocablos locales pra dicir ideas modernas ou inventos. Por outro llaó, dícese qu'Islandia é el único país alfabetizado de todo, el que non sólo quer dicir que todos poden ller y escribir, senón qu'escribir é el pasatempo nacional: muitos islandeses escriben cousas pra regalar, sin esperar que conozan os sous escritos nai-de más qu'os destinatarios del regalo. 

BIBLIOGRAFÍA:

- CRYSTAL, D.: *An encyclopedic dictionary of language and languages*, Penguin Books, Blackwell, 1994.
FJELDSTAD, A & HERVOLD, K.: *Norsk for svensker*, Studentlitteratur, Sweden, 1989.
GLEDENING, P.J.T.: *Icelandic*, Ed. Hodder ant Stoughton, 1981.
KATZNER, K.: *The languages of the world*, Routledge, Londres, 1996.
LUNDÉN, Th.: *Språken landskap i Europa*, Studentlitteratur, Sweden, 1993.
MIGUEL, E.: *Lenguas minoritarias en Europa*, en elaboración.
VJRUSS: *The dialects of modern german. A linguistic survey*, Routledge, Londres, 1990.